



MOCIÓN que presenta o concelleiro /voceiro do grupo de C@urel vivo – CV , Óscar Carrete Lage, diante do Concello –Pleno de Folgoso do Courel pola **Prevención de Lumes e Reorganización de Brigadas para teren base no Concello**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante este ano, e aínda con todo o verán por diante, o Concello de Folgoso do Courel foi castigado por varios lumes, dous deles de grande envergadura, o último deles este mesmo mes, o cal se achegou perigosamente ás casas de **Ferreiros de Abaixo**.

Desde os grandes lumes do 2017 , os expertos xa veñen avisando de que en todo o país vai haber lumes cada vez máis grandes e máis difíciles de atallar. As administracións con competencia neste tema, a Xunta de Galicia, non está a tomar medidas preventivas eficientes. O único que estamos vendo é como nos últimos anos privatizan e recortan medios adicados a extinción dos lumes, e aínda máis importante, na prevención, de gran importancia en zonas de montaña como o Courel.

Por parte do Concello deberíamos loitar para que a Xunta de Galicia dote esta zona cunha brigada para a prevención durante todo o ano e outra de reforzo de 6 meses. Recordamos que as persoas que están actualmente máis próximas son da Brigada Monforte 3 , e conseguiron a base no Courel por sentenza xudicial a título individual de cada un deles Catro deles teñen 60 ou máis anos, polo **que antes de cinco anos ó Courel pode quedar sen brigada da Xunta** se a Xunta non cambia de políticas e desde o Concello se segue sen solicitalo.

Vemos preocupante que **desde o Equipo de Goberno, en vez de propoñer medidas para mellorar a situación e poder afrontar mellor futuros lume se limiten a facer especulacións, xustificando a alguén que queima o patrimonio de todxs. E inadmisibile que se intenten normalizar os lumes e que se insinúe que son algúns gandeiros e apicultores os causantes dos mesmos, cando e gracias a eles e o seu traballo que os montes se manteñen limpos.**

Desde CV queremos que desde os tres Grupos do Concello traballemos en conxunto, tamén neste tema e tentemos protexer á xente, ás aldeas e ós nosos montes en futuros incendios.

Por iso recollemos as seguintes deficiencias que vemos:

- A auga é esencial se arde un monte ou unha casa. No noso Concello temos moitos carrozos e fontes que levan auga, que poderían servir para facer máis puntos de carga para motobombas e helicópteros. Non pode ser que preto de moitas aldeas non haxa onde cargar helicóptero, unha motobomba ou unha cisterna de auga e mesmo que o punto máis preto estea noutra parroquia a máis de 15 km, con todo o que isto supón no caso dun incendio. Simplemente é vontade política pedilos e en colaboración coa Xunta facelos...

- Desde que se creou o servizo de incendios no 91 o servizo vai mellorando ata o 2009 chega a haber unha brigada de reforzo de verán 4 meses, 2 do concello e 1 todo o ano con base no Concello. Hoxe en día non temos brigadas da xunta, estables no courel, xa que a que hai chámase Monforte 3 e non ten a base no municipio, polos motivos que xa explicamos antes. Tamén se perderon carrocetistas, chegaron a haber 4 carrocetistas da Xunta no verán e hoxe en día queda un (Motobomba Monforte 2). Na Comarca Forestal de Quiroga (con tódalas medidas de protección que ten e con todo o amplo que é, terreo de montaña con amplo terreo forestal) soamente contamos cunha Brigada de 12 meses e unha de 9 meses, namentres que a Comarca Forestal de Chantada , comarca agraria e menos forestal , contan co dobre de recursos (4 brigadas). Tampouco contamos con brigadas de reforzo das recen creadas de 6 meses pola Xunta. Das 7 que hai no Distrito de Lemos (VIII), hai 4 en Pantón e 3 en Pobo de Brollón. En vez de repartiren por Comarcas por volume de masa forestal. A maiores súmase a descoordinación que ten o distrito, xa que entre 4 e 6 persoas do Courel desprázanse a traballar a elas, podendo facer unha brigada no noso Concello e tendo a base eiquí. Esta desorganización, fai que chegar a un lume do Courel, pódelle levar a unha brigada de reforzo, entre 1 e 2 horas.
- A Xunta desmantelou a caseta de Piapáxaro, anulando no Courel a posibilidade de que un vixiante detectase e coordinase a chegada rápida a un lume. Restablecendo ese punto, conseguiríase maior vixilancia e ademais xeraría postos de traballo na zona.
- **Pouco importan moitas medidas de protección se non veñen acompañadas de financiación e melloras de servizo para a xente que eiquí vivimos.** No respecto ós lumes, non temos unha Brigada con base no Courel. Temos bosques e aldeas únicas e para protexer a nosa riqueza e as nosas xentes debería haber, cando menos, **2 brigadas verdes todo o ano que se adicaran á prevención, limpeza e acondicionamento de pistas de acceso ós montes, acondicionamento de puntos de auga, etc.** Poderían ser de arredor de 15 novos postos de traballo estables, tan precisos nesta zona. Co que se gastou na extinción do de Ferreirós xa chegaba para os soldos de máis de un ano.
- Por parte do Concello, tampouco se pode desperdiciar ningún recurso. Recordamos que no 2019 , desde o Concello se quería renunciar a unha brigada de verán porque non había xente (cando a realidade fora que non se publicitou correctamente) e que tras reclamar CV , se reabriu de novo o proceso e se conseguiu formar unha nova brigada.
- Que a Xunta de Galicia non dispoña de Helicópteros con visión nocturna é grave, xa que os lumes atállanse mellor en canto se detectan, sendo case sempre a actividade incendiaria de noite, e tamén é de noite cando menos avanzan e máis doado sería atallalos. Mentras outras comunidades xa contan con esta tecnoloxía e estana usando. Os helicópteros non son propios da Xunta , polo que debería esixírselle a empresa prestadora do servizo dita reforma.
- Nos grandes lumes, debería usarse a palla e herba para tentar facer unha cuberta natural e fixar a cinza, ó chan impedindo desta maneira que a cinza chegue os ríos en gran cantidade e se degrade máis o terreo ardido.

Por todo o anterior, propónse o seguinte ACORDO:

1. Solicitalle á Xunta de Galicia, 2 brigadas **verde para traballar na prevención, todo o ano**, no noso Concello.
2. Que desde o Distrito Forestal de Lemos e Xefatura Provincial de Lugo, dependente da Xunta de Galicia, se **asigne unha Brigada de Extinción de todo o ano ó Courel reforzando a que hai con máis persoal**.
3. Que desde o Distrito Forestal de Lemos e Xefatura Provincial de Lugo, **se reorganicen as bases das sete brigadas de reforzo, poñendo unha no noso Concello**.
4. Que desde a Xunta de Galicia, o Concello, Confederación e falando coa veciñanza se tente dotar **dun pozo de carga a cada aldea nas que se dean as condicións para usar con motobomba , helicóptero** . Así mesmo se manteñas as rodeiras de acceso ó monte que se consideren esenciais, acondicionadas para acceder cunha motobomba.
5. *Que nos novos plans de incendios ,a Xunta contrate helicópteros para extinción con visión nocturna para seguridade de todo o país.*
6. *Que no último lume de Ferreirós se acondicione con palla para que o monte teña menos escorrenta de cinza e terra cara a aldea.*
7. *Solicitalle á Xunta de Galicia máis axudas para prantar plantacións de árbores autóctonas, como castiñeiros, nas zonas de Montaña e potenciar a creación de pastizais , xa que sabemos de sobra que ambos actúan de corta lumes naturais e axudan a afincar poboación.*
8. *Que desde o Concello se traballe máis en serio nas faixas ás aldeas que marca a lei, para previr e non ter que lamentar. Que niso si que temos toda a competencia.*

En Folgoso do Courel , a 18 de Xuño de 2021

Asdo: Óscar Carrete Lage